

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

RESOLUCIÓN do 21 de novembro de 2011, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, convocado pola Orde do 21 de xullo de 2011 (DOG número 142, do 26 de xullo), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

En sesión que tivo lugar o día 21 de novembro de 2011, o tribunal nomeado pola Orde do 16 de novembro de 2011 (DOG número 221, do 18 de novembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, acordou, de conformidade co disposto na base II.1.1.1 da convocatoria, que o primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día dezoito (18) de decembro de 2011, nos pavillóns número 1 e 2 do recinto da Feira Internacional de Silleda (Pontevedra), en chamamento único que se iniciará ás 11.00 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán ir provistos de lápiz do número 2.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico. Así mesmo, non se permitirá o acceso ao recinto con calquera outro instrumento de que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2011.

Alfonso Blasco García
Presidente do tribunal